

3 Junho 1982

Sr. Don José-Maria Monterroso Devesa

A Crunha

Meu querido amigo:

Recebin a sua carta do 31 último e a documentación adjunta, que muito lle agradezo.

Renovo o meu reconhecemento às Entidades organizadoras dos actos de amizade con que se me honrou nesa cidade. Recebin persoalmente algúns escritos de adhesión, aos que estou respondendo. Mais non me é posíbel dirixir-me a cada unha das institucións e amigos cujos testemuños de afecto foron recollidos por vós. Seria o meu desexo que "O Facho", que centralizou esa correspondencia, fixese constar -se o estimase oportuno- nunha nota, os sentimentos de gratitude que lle transmito en relación con todas esas persoas e entidades, ás que non tenho posibilidade práctica de dirixir-me individualmente.

A espera dos novos envíos que anuncia, fica de V. afectísimo amigo, que o abraza cordialmente,

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
FACULDADE DE FILOLOGIA

Departamento de Filología Galega

24 Junho 1982

Sr. Don José-Maria Monterroso Devesa

A Cruña

Meu querido amigo:

Máis unha vez, fico-lhe mui obrigado polo envío do "dossier" e as fotografías da mesa presidencial da conferencia e da cea que tiveron a bondade de organizar, así como as últimas adhesións recibidas.

Todo iso ten para min o incalculábel valor dos testemuños de generosa amizade e de indulgente estimación que se puxeron de manifesto en relación comigo por parte de persoas que me julgan mui por cima dos meus merecimentos.

Con unha forte aperta, extensiva aos máis amigos,